



CONTRATO MENOR DE PATROCINIO ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA E A ASOCIACIÓN CULTURAL AMEIXA ROCK, DE O CARRIL, PARA A PROGRAMACIÓN DO FESTIVAL “AMEIXA ROCK 2023” OS VINDEIROS DÍAS 2 e 3 DE SETEMBRO.


En Vilagarcía de Arousa , a data da sinatura dixital

REUNIDOS

DUNHA PARTE: D. Alberto Varela Paz, Alcalde Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, en virtude das facultades representativas que lle atribue o artigo 21.1.b) da lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

DOUTRA PARTE: D. Elpidio Costa Bouzas con DNI 35459772M, en representación da asociación “ Ameixa Rock” de O Carril- con domicilio social en Praza da Liberdade 8 – Ps. 3 36610, O Carril - Vilagarcía de Arousa e con CIF G-94100328

EXPOÑEN

- 
- I. Que entre as competencias propias dos concellos atópanse a promoción da cultura e os equipamentos culturais, artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, realizando diversas actuación no ámbito da cultura, así coma desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión de todo tipo de expresións musicais.
 - II. No mesmo sentido a Lei 5/1997, de 2 de xullo de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2.n) atribúe aos municipios, como competencias propias, as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e turismo.



- III. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Cultura ten organizado diferentes accións neste municipio ao longo de todo o ano, promovendo todo tipo de eventos culturais e musicais.
- IV. Será Asociación Cultural Ameixa Rock, a encargada da organización do evento "AMEIXA ROCK 2023"
- V. Que a asociación "Ameixa Rock" de Carril, solicita colaboración económica do Concello de Vilagarcía patrocinando o desenvolvemento do "Ameixa Rock 2023", formalizando esta colaboración a través do presente contrato, que se rexirá polas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- Réxime xurídico

O presente contrato ten o carácter de privado, estando as partes sometidas expresamente ao presente contrato e, para o non previsto neles será de aplicación as normas do Dereito Privado, a excepción da súa preparación e adxudicación que se rexerán pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 201/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), e en canto non se opoña ao establecido na LCSP, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro. Supletoriamente se aplicaran o resto das normas estatais sobre contratos públicos que non teñen carácter básico, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse polas normas de dereito privado.

O obxecto do presente contrato é colaborar no patrocinio do "Ameixa Rock 2023".

Segunda.- Obxecto do contrato

O obxecto do contrato constitúeo o patrocinio por parte do concello de Vilagarcía de Arousa, que teña por obxecto o promocionar a cultura e asociar a imaxe do concello de Vilagarcía de Arousa ao "Ameixa Rock".



Terceira.- Prezo do contrato.

O prezo do contrato será de **5.000,00€**, e incluírá, todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente convenio (cartelería, cuñas publicitarias en radio, televisión..., publicidade en calquera soporte físico, dixital, totems, concertos, etc.)

O prezo do contrato considerarán incluídos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen polo adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigacións contempladas neste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **334-22602** do vixente orzamento Municipal.

Quinta.- Duración.

A duración do contrato fíxase entre a data de formalización do contrato e a data de finalización do evento.

Sexta. Obrigas do patrocinado

1- A empresa patrocinada responsabilizarase de que o evento dispoña das pólizas de seguro de responsabilidade civil necesarias, segundo a normativa vixente en este tipo de actividades, así como de cantos permisos e autorizacións administrativas sexan preceptivos; así mesmo, o evento, deberá cumprir as condicións técnicas e de seguridade previstas na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Toda a organización, produción e montaxe do referido evento, correrá na súa totalidade por conta da patrocinada, así como o aboamento dos dereitos que correspondan á SGAE, sendo ao seu cargo os medios materiais e persoais precisos para o perfecto desenvolvemento do mesmo.

En todo caso e de forma expresa, a patrocinada manterá indemne ao concello de Vilagarcía de Arousa de toda responsabilidade diante de terceiros, participantes ou espectadores que puideran derivarse da celebración do evento.

Calquera cambio ou modificación na organización ou desenvolvemento do evento, deberá ser previamente comunicado ao concello de Vilagarcía de Arousa



2- Deberá figurar a imaxe do patrocinio do Concello de Vilagarcía en toda a publicidade que se leve a cabo do Festival, incorporando a marca logo da entidade en todos os formatos de difusión posibles: cartelería de gran e pequeno formato, difusión por internet , web do festival e redes sociais, mupies, displays, programa xeral do festival e de man, e, en definitiva, calquera outro soporte publicitario que se valore para a difusión do Festival e se acorde entre as partes, conseguindo que se chegue ao maior número de espectadores posible.

Setima. Pago

O pago do prezo efectuarase previa presentación de factura, debendo ser repercutido como partida independente o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) no documento que se presente ó cobro, sen que o importe global contratado experimente incremento ningún.

Coa factura deberá presentar a documentación xustificativa que a seguir se indica, que deberá obter o conforme do servizo correspondente, antes da tramitación e pagamento da mesma:

- Unha memoria detallada na que se recolla pormenorizadamente tanto o desenvolvemento como os impactos publicitarios do evento.
- Cadro-resumo de tódolos gastos realizados e dos ingresos obtidos na realización do evento.
- Informe da asistencia de público e repercusión mediática do evento.
- Copia das facturas e/ou xustificantes dos pagos realizados ou obrigas contraídas.
- Documentación gráfica e publicitaria do evento, na que conste logotipo do concello de Vilagarcía de Arousa, así como a referencia a que a actividade foi patrocinada polo citado concello.



Oitava. Publicidade

- Mediante o presente contrato o concello de Vilagarcía de Arousa adquire a condición de patrocinador do Ameixa Rock 2023, polo que poderá difundir ou utilizar ese título en cantas accións publicitarias estime oportunas.

Conforme coas cláusulas contidas no presente contrato, os comparecentes asinan o mesmo por duplicado en Vilagarcía de Arousa a data da sinatura dixital.

O Alcalde – Presidente

En representación de “Ameixa Rock”

Alberto Varela Paz

Elpidio Costa Bouzas

